

NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO

REDE GALEGA DE SALAS

A Rede Galega de Salas (RGS) constitúese no ano 2007 como un dos instrumentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para incentivar a distribución de espectáculos de artes escénicas en salas de teatro e acadar unha maior estabilidade na súa programación habitual.

Transcorridos catro anos dende a súa creación, e realizadas as avaliacións intermedias polo departamento de programación da Agadic, detectáronse diferentes áreas susceptibles de mellorar o funcionamento da programación da RGS, relacionadas fundamentalmente cos seguintes extremos:

- conveniencia de integrar outras disciplinas artísticas sen perder o obxectivo principal, que é a programación de artes escénicas.
- conveniencia de facer un estudo polo miúdo das salas (dotación técnica, programación, localización...). É necesario que as salas que integren esta Rede teñan mellores condicións para realizar a programación.

Seguindo estes criterios, establécense as novas normas de funcionamento da Rede Galega de Salas.

CONTIDO DA PROGRAMACIÓN

Concertos de calquera estilo musical, espectáculos de teatro de actor ou monicreques, danza, circo, cabaré, maxia ou calquera outra modalidade de artes escénicas (sempre e cando se adecúen aos espazos) producidos e/ou distribuídos por sociedades civís, mercantís ou empresarios individuais.

RÉXIME ECONÓMICO

- A contraprestación ás compañías ou grupos de música canto a caché, pagamento a tanto alzado ou porcentaxe da billeteira, será pactada entre cada compañía ou grupo e a sala.
- Co orzamento designado cada sala deberá programar un mínimo de funcións ou concertos calculado en base á fórmula "orzamento designado/800 €".
- A achega da Agadic será aboada directamente ás compañías e grupos programados a través dun contrato entre compañía ou grupo e a Axencia.
- A Agadic asinará un contrato con cada sala cos importes correspondentes da programación.

NORMAS DE PROGRAMACIÓN

- Períodos de programación: xaneiro-xuño e xullo-décembro
- Estancia mínima dunha función e máxima de seis por cada espectáculo.
- Programación mínima de catro compañías ou grupos por salas
- A programación de artes escénicas non poderá ser inferior ao 50% da programación total.
- O 60% da programación deberá ser de compañías ou grupos que realicen o seu espectáculo en lingua galega.
- O prezo mínimo de billeteira será de 5€

- A alteración do calendario de actuacións estará suxeita á autorización previa por parte de Agadic e deberá estar xustificada.
- A alteración unilateral do calendario de actuacións suporá a cancelación automática do contrato.

PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

- Programación semestral (xaneiro–xuño / xullo–decembro)
- Convocatoria aberta para compañías ou grupos a través da páxina web: www.galescena.info.
- Cada compañía ou grupo cubrirá a ficha na que aparecerá o rider técnico así como as restantes condicións precisas para o correcto desenvolvemento da actuación. Admitiranse acordos bilaterais entre a sala e compañía ou grupo que modifiquen o rider técnico, sempre e cando se formalicen por escrito.
- Non se poderá programar compañías ou grupos vinculados ás salas no seu propio espazo, aínda que si poden ser programados no resto das salas. Considérase formación vinculada á sala aquela na que algún dos seus compoñentes ou familiar ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade sexa propietario de máis dun 15% do capital social da sala.

OBRIGAS DAS SALAS

- Achega do equipo e rider técnico para cada una das actuacións programadas.
- Obrigatoriedade do cobramento de entrada co mínimo establecido nesta normativa de funcionamento.
- Información dos datos de asistencia de público mediante a billeteira electrónica, á que se accede a través de www.galescena.info, de cada un dos espectáculos da programación no prazo máximo de cinco días.

Para calquera outra cuestión non establecida nesta normativa, será a Agadic a competente para resolver.